



CONVOCATORIAS
UNIÓN EUROPEA
OUTUBRO 2011



INDICE

- ★ Educación, Formación, Xuventude
- ★ Emprego e Asuntos Sociais
- ★ Empresa e Industria - PEME
- ★ Investigación
- ★ Relacións Exteriores e Axuda a Terceiros Países
- ★ Sanidade e Protección dos Consumidores
- ★ Sociedade da Información e Audiovisuais



★ EDUCACIÓN, FORMACIÓN, XUVENTUDE



Programa Jean Monnet — Actividade chave 3 — Apoio ás asociacións europeas que operan a escala europea no ámbito da integración europea, a educación e a formación

- **Descrición:** A presente convocatoria ten por obxectivo a selección de organizacións para a conclusión de convenios de subvencións cubertas polo exercicio orzamentario 2012. Non afecta as organizacións que subscriban un acordo marco de asociación coa Axencia Executiva no Ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (en diante «a Axencia») para o período 2011-2013.
- **Obxectivos:** O obxectivo desta convocatoria é **apoiar ás asociacións europeas nos ámbitos da educación e a formación** que desenvolvan actividades relacionadas con:
 - a integración europea e/ou
 - a política europea de educación e formación.

Os obxectivos específicos desta convocatoria son os seguintes:

- brindar apoio ás asociacións europeas de alta calidade que contribúan a aumentar o coñecemento e a sensibilización sobre o proceso de integración europea a través da educación e a formación
- brindar apoio a aquelas asociacións europeas de alta calidade que contribúan á execución de polo menos un dos obxectivos estratéxicos do marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria está aberta á participación das asociacións europeas candidatas deberán reunir os seguintes requisitos:
 - tratarse dunha organización sen ánimo de lucro e non ser un organismo público
 - estar situada e posuír unha personalidade xurídica e sede durante máis de dous anos ininterrompidos (na data de peche da convocatoria) nun ou varios (3) dos países



seleccionables no marco do PAP (os 27 Estados membros da UE, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía, Croacia e Suíza)

— desenvolver a maioría das súas actividades nos Estados membros da Unión Europea e/ou noutros países seleccionables no marco do PAP

— desenvolver a súa principal actividade no ámbito da educación e a formación a escala europea.

- **Financiamento:** O orzamento indicativo total da UE para o cofinanciamento das asociacións europeas no marco desta convocatoria ascende a **700 000 EUR**. O importe máximo da subvención de funcionamento anual por asociación (correspondente ao primeiro exercicio orzamentario 2012) non poderá superar os **100 000 EUR**. A axuda financeira da UE non poderá superar o **75 %** do orzamento anual subvencionable da asociación europea.
- **Prazo:** 30 de novembro de 2011, ás 12.00 horas (hora de Bruxelas)
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Enderezo para o envío postal ou por servizo de mensaxería

Education, Audiovisual and Culture Executive
Agency Unit P2 — Lifelong Learning: Erasmus, Jean Monnet
Call for proposals — EACEA/26/11
Office: BOU2 3/165
Avenue du Bourget/Bourgetlaan 1
1140 Bruxelles/Brussel
BELGIQUE/BELGIË

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a EACEA-P2-ASSOC-EUR@ec.europa.eu
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 285/14](#) do 29.09.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Programa de acción no ámbito da aprendizaxe permanente](#)



Convocatoria pública de propostas — GP/RPA/ReferNet-FPA/002/11 ReferNet — Rede Europea en materia de Educación e Formación Profesional (EFP) de Cedefop.

- **Descrición:** Fundado en 1975 e con sede en Grecia desde 1995, o **Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional (Cedefop)** é unha axencia da Unión Europea (UE). Recoñecido como fonte autorizada de información e coñecementos técnicos en materia de EFP, cualificacións e competencias, a súa misión consiste en apoiar a política europea de educación e formación profesional (EFP) e contribuír á súa aplicación.

Refernet é a rede europea en materia de EFP do Cedefop. A función atribuída a Refernet é a de servir de apoio ao Cedefop informándolle sobre os sistemas e as políticas nacionais de EFP, así como a de brindar unha maior proxección á EFP e aos traballos do Cedefop. A rede está integrada por 29 membros coñecidos tamén como asociados nacionais dos respectivos Estados membros, Islandia e Noruega. Os asociados nacionais de ReferNet son institucións de referencia en materia de EFP do país ao que representan.

- **Obxectivos:** A presente convocatoria, cuxo obxectivo é establecer unha rede europea de EFP-ReferNet, ten por obxecto **seleccionar a un solicitante de cada un dos países elegibles**, co que Cedefop celebrará un acordo marco de asociación cunha duración de catro anos, así como celebrar con el un acordo específico de subvención para a execución dun plan de traballo que deberá executarse en 2012.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria está aberta á participación de calquera organización pública ou privada, co seu propio réxime xurídico e personalidade xurídica (en consecuencia, non se admitirán as candidaturas de persoas físicas, é dicir, particulares), establecidas nun dos seguintes países : Bélxica, Chipre, Dinamarca, Estonia, Francia, Grecia, Irlanda, Letonia, Malta, Portugal, Eslovenia, España, Noruega
- **Financiamento:** O **orçamento total** dispoñible para o plan de traballo anual correspondente a **2012** (duración do proxecto: 12 meses) ascende a **955 000 EUR** para os 27 Estados membros, Islandia e Noruega.

A **subvención varía en función da poboación do país** e concédese para a execución dun programa de traballo anual. O orçamento total dispoñible para o programa de traballo correspondente a 2012 distribuirase entre tres grupos de países, en función da poboación de cada un destes.

- Primeiro grupo de países: Chipre, Estonia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Eslovenia e Islandia. Importe máximo da subvención: 23 615 EUR.



- Segundo grupo de países: Austria, Bélxica, Bulgaria, República Checa, Dinamarca, Finlandia, Grecia, Hungría, Irlanda, Países Baixos, Portugal, Romanía, República Eslovaca, Suecia e Noruega. Importe máximo da subvención: 33 625 EUR.

- Terceiro grupo de países: Francia, Alemaña, Italia, Polonia, España e Reino Unido. Importe máximo da subvención: 43 620 EUR.

A subvención da Unión constitúe unha contribución financeira adicional aos custos do beneficiario (e/ou co-beneficiarios) e ás achegas locais, rexionais, nacionais e/ou privadas. **A contribución comunitaria total non excederá o 70 % dos custos subvencionables.**

O Cedefop resérvase o dereito de non conceder o orzamento total dispoñible.

- **Prazo: 20 de outubro de 2011.**
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Dirección para el envío postal

European Centre for the Development of Vocational Training Procurement Service
(CEDEFOP)
P.O. Box 22427, GR- 55102 Thessaloniki

Dirección para la entrega en mano o por servicio de mensajería

European Centre for the Development of Vocational Training Procurement Service
(CEDEFOP)
Europe 123, GR- 57001 Thessaloniki (Pylea)

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por e-mail a c4t-services@cedefop.europa.eu
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- **Documento oficial de publicación: [DO C 289/13](#) de 01.10.2011**
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)



- Programa vinculado á convocatoria: [Aprendizaje Permanente](#)



★ EMPREGO E ASUNTOS SOCIAIS



Convocatoria de propostas VP/2011/009 para a realización de proxectos experimentais sociais Progress 2011

- **Descrición:** PROGRESS é o programa de emprego e da solidariedade social da UE creado para dar apoio financeiro para a consecución **dos obxectivos da Unión Europea en materia de emprego, asuntos sociais e a igualdade de oportunidades**. A realización destes obxectivos baséase nunha combinación de instrumentos que comprende a lexislación da UE, a aplicación dos métodos abertos de coordinación en diversos ámbitos políticos e os incentivos financeiros como o Fondo Social Europeo.
- **Obxectivos:** A través desta convocatoria de propostas, os países participantes no programa Progress que realicen **reformas sociais** ofréceselles **apoio financeiro para experimentar os cambios previstos na política e as reformas antes da súa aplicación**, se ten éxito, a gran escala.

Isto implicará probas a escala reducida, sobre a base da metodoloxía de avaliación rigorosa, das reformas previstas nos Estados membros que decidan beneficiarse desta oportunidade de apoio. Na actual conxuntura isto estaría **relacionado normalmente coas revisións dos gastos sociais como parte dos programas de austeridade**.

A presente convocatoria **céntrase nos aspectos metodolóxicos e de xestión do proxecto nas diferentes fases das reformas políticas**.

- **Solicitantes:** Aberto para entidades legalmente constituídas e localizadas nalgunha das zonas de actuación de calquera dos seguintes tipos:

* Organizacións non gobernamentais



- * Entidades públicas (todo tipo)
- * Entidades públicas locais
- * Entidades públicas rexionais
- * Universidades

O proxecto levará a cabo unha asociación formada por polo menos dúas das categorías de socios.

As entidades ou organizacións que participen deberán dispor da súa sede social no ámbito xeográfico seguinte:

- * Unión Europea (UE)
 - * Espazo Económico Europeo (EEE)
 - * Países Candidatos
 - * Asociación Europea de Libre Comercio (AELC)
 - * Terceiros Países
- **Financiamento:** O orzamento indicativo global dispoñible para esta convocatoria ascende a **3 500 000 EUR**. A axuda financeira comunitaria concedida non superará o 80% do custo total subvencionable da acción. O solicitante ten que garantir o co-financiamento do 20% restante.
 - **Prazo: 15 de decembro de 2011.**
 - **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Enderezo para o envío postal ou por servizo de mensaxería

European Commission
DG EMPL D/4
Call for proposals VP/2011/009
B-1049 Bruxelles

Enderezo para a entrega en man

European Commission
DG EMPL D/4
Call for proposals VP/2011/009



Central Courier Service
Avenue du Bourget, 1
B-1140 Evere

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a EMPL-PROGRESS-VP-2011-009@ec.europa.eu
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Progress](#)



★ EMPRESA, INDUSTRIA E PEME



Convocatoria de propostas para accións de transferencia entre modos de transporte, de efecto catalizador, autoestradas do mar, evitación de tráfico e de aprendizaxe en común dentro do segundo Programa Marco Polo

- **Descrición:** O Libro Branco sobre a Política Europea de Transportes publicado en marzo pola Comisión Europea establece como un dos seus obxectivos principais optimizar o rendemento das cadeas loxísticas multimodais, mediante, entre outros, e un maior uso de sistemas de enerxía máis eficientes.
- **Obxectivos:** O programa Marco Polo propón accións de **apoio co obxectivo de reducir a congestión viaria resultante do transporte de mercadorías, mellorar a actividade ambiental dos sistemas de transporte e promover o transporte intermodal**, contribuíndo así a un sistema de transporte máis eficiente e sustentable que dará á UE un valor engadido sen ter un impacto negativo sobre a cohesión económica, social ou territorial.
- **Solicitantes:** Aberto para entidades legalmente constituídas e localizadas nalgunha das zonas de actuación de calquera dos seguintes tipos:
 - Organizacións sen ánimo de lucro
 - Organizacións non gobernamentais
 - Entidades públicas (todo tipo)
 - Pemes
 - Universidades



- **Financiamento:** O orzamento dispoñible para a convocatoria 2011 é de **56.87 millóns de euros**.
- **Prazo:** 16 de xaneiro de 2012.
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Enderezo para o envío certificado, servizo de mensaxería ou para entregar en man

EUROPEAN COMMISSION
Executive Agency for Competitiveness and Innovation - EACI
Ref.: Marco Polo II Programme – Call 2011
Courier Central
avenue du Bourget 1
BE-1140 Brussels

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a eaci-marco-polo-helpdesk@ec.europa.eu
- [Formulario de solicitude e guías do candidato](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 309/09](#) do 21.10.2011
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Marco Polo II](#)



★ INVESTIGACIÓN



Convocatoria: A Noite dos Investigadores (FP7-PEOPLE-2012-NIGHT)

- **Descrición:** As **Noites dos Investigadores** é unha convocatoria que se organiza con obxecto de producir distintos eventos dirixidos ao público en xeral, independentemente da idade e da formación como científico que se posúa. A Noite dos Investigadores organízase unha vez ao ano desde 2005 o cuarto venres de setembro. En 2012, a data será o **28 de setembro**.
- **Obxectivos:** As actividades organizadas tal día teñen como **obxectivo**:
 - achegar a ciencia e os investigadores ao outro público en xeral e que o público se achegue á ciencia e aos investigadores;
 - sinalar o impacto positivo do traballo dos investigadores na vida cotiá dos cidadáns;
 - promover as carreiras relacionadas coa investigación, en particular entre os mozos e os seus pais.
- **Solicitantes:** Os criterios xerais establécense no Anexo 2 do presente programa de traballo, e na guía para os solicitantes. Teña en conta que o criterio de integridade tamén inclúe que a parte B da proposta deberá ser lexible, accesible e imprimible.
 - Esta acción diríxese a unha **persoa xurídica ou unha asociación de entidades situadas nos Estados membros e países asociados**.
 - Para máis detalles sobre estas condicións, debe consultar o texto básico do programa de traballo.



- **Financiamento:** O orzamento total dispoñible para a convocatoria de propostas é de 4 000 000 €.
- **Prazo:** 10 de xaneiro de 2012 ás 17:00:00 (hora local de Bruxelas)
- **Lugar de presentación de solicitudes:** Consulte a Guía do candidato.
- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a Colette.renier@ec.europa.eu
- [Punto de información nacional](#)
- [Guía do candidato](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 283/06](#) do 27.09.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [VII Programa Marco](#) de Acciões de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Demostración. Programa Específico "[Persoas](#)".

Convocatoria de propostas para apoiar a estratexia de seguimento e avaliación (aspectos de xénero) —«Ideas» - ERC-2012-Support-1

- **Descrición:** O Consello Europeo de Investigación (CEI) ten unha posición única no financiamento da investigación europea. Trátase dun organismo de financiamento liderado pola ciencia, o apoio á investigación ao máis alto nivel de excelencia, que opera con estándares de clase mundial. O obxectivo do Consello Europeo de Investigación será reforzar a excelencia, o dinamismo e a creatividade na investigación europea e mellorar o atractivo do Europa para os mellores investigadores de países europeos e terceiros países, así como o investimento en investigación industrial.
- **Obxectivos:** O obxectivo desta convocatoria será **apoiar a estratexia de monitorización e avaliación do CEI**. As solicitudes deben abordar aspectos de xénero nas estruturas de carreira e traxectoria profesional como se especifica no punto 8.1 do Programa de Traballo.
- **Solicitantes:** A solicitude debe ser presentada por polo menos unha entidade legal dun Estado membro ou país asociado.



- **Financiamento:** O orzamento desta convocatoria será de 150.000 euros. As subvencións poderán alcanzar o 100% dos custos directos elixibles.
- **Prazo:** 12 de xaneiro de 2012.
- **Lugar de presentación de solicitudes:** Consulte **Guía do candidato**.
- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a support@epss-fp7.org
- [Guía do candidato](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 301/09](#) do 13.10.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [VII Programa Marco](#) de Accións de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Demostración. Programa Específico " [Ideas](#)"

Cofinanciación de programas rexionais, nacionais e internacionais - FP7-PEOPLE-2012-COFUND.

- **Descrición:** A acción COFUND apoia os programas de bolsas existentes ou novas a nivel rexional, nacional e internacional para abrir e ofrecer a posibilidade de mobilidade transnacional. COFUND apoia os programas de bolsas para os investigadores experimentados máis prometedores, axudándolles no seu desenvolvemento profesional. Os programas deben ter un proceso aberto baseándose no mérito da competencia dos investigadores participantes e na revisión por pares. Dentro deste programa é clave a liberdade de elección para o investigador en canto ao tema de investigación.
- **Obxectivos:** O obxectivo específico desta convocatoria será prestar apoio á formación e o desenvolvemento da carreira profesional dos investigadores.
- **Solicitantes:** Os participantes deben ser nacionais dun Estado membro ou dun país asociado e, en particular, serán:
 - Organismos públicos.
 - Outros organismos, incluídos institutos de investigación, que financien e xestionen este tipo de programas.



- Organizacións internacionais.
- **Financiamento:** O orzamento desta convocatoria será de **110 millóns de euros**. A contribución da Unión Europea calcúlase que estará en torno ao **40%** dos custos elegibles das bolsas de cada investigador, cun máximo total de **10 millóns de euros por solicitante**.
- **Prazo:** 15 de febrero de 2012 (17:00 hora local de Bruselas).
- **Lugar de presentación de solicitudes:** Consulte **Guía do candidato**.
- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por e-mail a DIGIT-EFP7-SEP-SUPPORT@ec.europa.eu
- [Guía do candidato](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 307/8](#) de 19.10.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [VII Programa Marco](#) de Accións de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Demostración. Programa Específico "[Persoas](#)"

Subvencións para a integración profesional - FP7-PEOPLE-2012-CIG.

- **Descrición:** As bolsas Marie Curie de inserción laboral **están destinadas a mellorar as perspectivas da integración permanente dos investigadores** a quen lles ofrecen un emprego estable de investigación en Europa despois dun período de mobilidade nun país diferente do país no que o investigador estivo activo durante os últimos anos (é dicir, o investigador ten que ser móbil, pero pode vir de calquera parte do mundo - desprázanse dentro de Europa ou procedentes de fóra de Europa). A duración destas bolsas é de ata 4 anos.
- **Obxectivos:** O obxectivo desta convocatoria é o **reforzamento da Área Europea de Investigación (ERA), apoiando aos investigadores a que se establezan nun Estado membro ou país asociado**, garantindo a súa permanencia en Europa.
- **Solicitantes:** Aberto para entidades legalmente constituídas e localizadas nalguna das zonas de actuación de calquera dos seguintes tipos:



- Organizacións sen ánimo de lucro
 - Organizacións non gobernamentais
 - Universidades
 - Calquera tipo de organización
- **Financiamento:** O orzamento desta convocatoria será de **40 millóns de euros**. A cantidade anual que se vai subvencionar ascende a 25.000 euros por investigador, o que contribuirá aos seus custos de investigación na organización de acollida.
 - **Prazo:** 18 de setembro de 2012 (17:00 hora local de Bruxelas).
 - **Lugar de presentación de solicitudes:** Consulte **Guía do candidato**.
 - [Texto da convocatoria](#)
 - **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a support@epss-fp7.org
 - [Guía do candidato](#)
 - **Documento oficial de publicación:** [DO C 308/09](#) do 20.10.2011
 - [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
 - [Páxina principal no servidor Europa](#)
 - **Programa vinculado á convocatoria:** [VII Programa Marco](#) de Accións de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Demostración. Programa Específico "[Persoas](#)"

Vías e asociacións do sector empresarial e/ou académico - FP7-PEOPLE-2012-IAPP.

- **Descrición:** A través desta convocatoria préstase apoio á creación, desenvolvemento, consolidación e execución de estratexias de asociacións de investigación en forma dun programa de investigación a longo prazo de cooperación entre os participantes.
- **Obxectivos:** Esta convocatoria ten como obxectivo **mellorar a cooperación entre a industria e o mundo académico en materia de formación en investigación, de desenvolvemento profesional e intercambio de coñecementos, en particular nas Peme**, incluídas as prácticas tradicionais e as



industrias manufactureiras. Baséase en programas de cooperación a longo prazo cun alto potencial para aumentar a comprensión mutua das diferenzas culturais e os requirimentos de competencias dos sectores industrial e académico.

- **Solicitantes:** Aberto para entidades legalmente constituídas e localizadas nalgunha das zonas de actuación de calquera dos seguintes tipos:
 - Organizacións sen ánimo de lucro
 - Organizacións non gobernamentais
 - Universidades
 - Calquera tipo de organización

Debe haber polo menos un participante de cada un dos dous sectores (institutos de investigación e empresas) e de polo menos dous Estados membros ou países asociados distintos.

- **Financiamento:** O orzamento total desta convocatoria é de **80 millóns de euros**.
- **Prazo:** 19 de abril de 2012 (17:00 hora local de Bruxelas).
- **Lugar de presentación de solicitudes:** Consulte **Guía do candidato**.
- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a support@epss-fp7.org
- [Guía do candidato](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 307/7](#) do 19.10.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [VII Programa Marco](#) de Accións de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Demostración. Programa Específico "[Persoas](#)"

Convocatoria de propostas do CEI na busca de novas sinerxias - ERC-2012-SyG.



- **Descrición:** O obxectivo do Consello Europeo de Investigación (CEI) será reforzar a excelencia, o dinamismo e a creatividade na investigación europea e mellorar o atractivo do Europa para os mellores investigadores de países europeos e terceiros países, así como o investimento en investigación industrial.
- **Obxectivos:** Estas subvencións teñen como obxectivo **facen posible que pequenos grupos de “investigadores principais” e os seus equipos reúnan capacidades complementarias, coñecementos e recursos, de xeito que aborden conxuntamente os problemas de investigación** para poder ir máis alá do que consiguen individualmente.

O obxectivo desta convocatoria é promover avances substanciais nas fronteiras do coñecemento, e fomentar novas liñas de produción dos métodos de investigación e novas técnicas, como enfoques non convencionais e investigacións na interfaz entre as disciplinas establecidas.

- **Solicitantes:** Ten que ser socio, polo menos unha entidade legal duns Estados membros ou país asociado.

Nos grupos de investigación teñen que participar entre 2 e 4 “investigadores principais”, acompañados necesariamente dos seus equipos.

- **Financiamento:** O orzamento total desta convocatoria é de **150 millóns de euros**.

A contribución financeira da Unión adoptará a forma de **reembolso de ata o 100%** dos custos elegibles aprobados da acción. Ademais, inclúese o financiamento a un interés fixo de parte dos custos indirectos. A subvención máxima será de **15 millóns de euros para proxectos de 6 anos de duración**.

- **Prazo:** 25 de xaneiro de 2011.
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos, **de forma electrónica**. Consulte *Guía do candidato*.
- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por e-mail a support@epss-fp7.org.
- [Guía do candidato](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 312/04](#) de 25.10.2011



- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [VII Programa Marco](#) de Accións de Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Demostración. Programa Específico ["Ideas"](#)



★ RELACIONES EXTERIORES E AXUDAS A TERCEIROS PAÍSES



Convocatoria de propostas - EuropeAid/131141/C/ACT/Multi - Sensibilizar o público sobre cuestións de desenvolvemento e educación na Unión Europea

- **Descrición:** O obxectivo xeral desta convocatoria é apoiar as accións, presentadas por actores non estatais, co obxectivo de **sensibilizar ao público sobre cuestións de desenvolvemento e promoción da educación** para o desenvolvemento na Unión Europea e os países candidatos e así fixar a política de desenvolvemento nas sociedades europeas, para mobilizar un maior apoio público para a acción contra a pobreza e unhas relacións máis xustas entre os países desenvolvidos e os países en desenvolvemento, e para cambiar as actitudes cara os problemas e dificultades que afrontan os países en desenvolvemento.
- **Obxectivos:** Os obxectivos específicos desta convocatoria son o **desenvolvemento da conciencia dos cidadáns europeos e a comprensión crítica do mundo interdependente e do seu papel nel**, a responsabilidade e estilos de vida en relación cunha sociedade globalizada e tamén, apoiar a súa participación activa nos esforzos globais para erradicar a pobreza, promover a xustiza, os dereitos humanos e formas de vida sustentables.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria está aberta aos solicitantes que cumpren os seguintes requisitos:
 - Ser persoas xurídicas
 - Sen ánimo de lucro
 - Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea



- Ser actores non estatais
- Ser directamente responsable
- **Financiamento:** A previsión de financiamento comunitario dispoñible para a convocatoria de propostas é: 27.121.500 €
- **Prazo: 21 de novembro de 2011.**
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

O formulario completo de solicitude xunto co orzamento e o marco lóxico deberán presentarse por correo electrónico ao seguinte enderezo: EuropeAid-Dear@ec.europa.eu

O campo do asunto do correo electrónico debe **indicar a referencia da convocatoria de propostas, o nome da entidade solicitante e o número asignado** pola Comisión Europea á aplicación na etapa de síntese.

O solicitante recibirá un xustificante de recepción automático tras a presentación dunha solicitude completa. Teña en conta que si varios formularios completos de solicitude se envían desde a mesma dirección de correo electrónico no mesmo día, será xerado unicamente un xustificante de recepción.

Solicitudes completas enviadas por outros medios (correo certificado, servizo de mensaxería, fax ou entrega en man, etc) ou enviados a calquera outro enderezo de correo electrónico poden ser rexeitadas.

- [Texto da convocatoria](#)
- [Punto de información comunitario:](#) Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a EuropeAid-GlobalCalls@ec.europa.eu
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Axentes non estatais e autoridades locais no desenvolvemento](#)



★ SANIDADE E PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES



Convocatoria de manifestacións de interese en participar nunha estrutura consultiva científica de avaliación do risco de comités científicos e unha base de datos de expertos

- **Descrición:** Esta convocatoria diríxese aos científicos que desexen participar **nos comités científicos da estrutura consultiva da Comisión Europea nos ámbitos da seguridade dos consumidores, a saúde pública e o medio** creada mediante a Decisión 2008/721/CE da Comisión, do 5 de setembro de 2008. Os novos membros dos comités científicos substituirán aos membros actuais, cuxo mandato finaliza o 18 de febreiro de 2012, que foron nomeados mediante a Decisión 2009/146/CE da Comisión.
- **Obxectivos:** Posibilitar que **os científicos que desexen participar nos comités da estrutura consultiva da Comisión Europea** nos ámbitos da seguridade dos consumidores, a saúde pública e o medio poidan manifestar o seu interese en formar parte dos devanditos comités a partir de febreiro de 2011, momento en que finalizan os actuais membros.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria de manifestacións de interese está aberta a científicos de Europa e do resto do mundo. No entanto, o xurado outorgará máis puntuación aos solicitantes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.
- **Prazo:** 15 de novembro de 2011.
- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a Sanco-call-experts@ec.europa.eu
- [Formularios de solicitude](#)



- **Documento oficial de publicación:** [DO C 297/04](#) do 08.10..2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Programa de acción comunitaria no eido da política dos consumidores \(2007-2013\)](#)



★ SOCIEDADE DA INFORMACIÓN



Convocatoria de propostas — EACEA/21/11 Apoio ao desenvolvemento de proxectos de produción — Ficción, documentais de creación e animación — Proxectos individuais, paquetes de proxectos (Slate Funding) e paquetes de proxectos 2nd stage

- **Descrición:** O presente anuncio de convocatoria de propostas baséase na Decisión n ou 1718/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de novembro de 2006, relativa á aplicación dun programa de apoio ao sector audiovisual europeo (MEDIA 2007).
- **Obxectivos:** Un dos obxectivos do programa consiste en **promover**, mediante a adxudicación de axuda financeira, o desenvolvemento de **proxectos de produción** destinados ao mercado europeo e internacional e **presentados por produtoras europeas independentes dentro dos seguintes xéneros: ficción, documental de creación e animación.**
- **Solicitantes:** A presente convocatoria de propostas está dirixida ás sociedades europeas cuxas actividades contribúan á realización dos citados obxectivos, en particular produtoras independentes.

Os candidatos deberán estar establecidos nun dos países seguintes:

- os 27 países da Unión Europea,
 - os países da EEE, así como Suíza e Croacia.
- **Financiamento:** O orzamento total dispoñible ascende a **17 millóns de EUR**. A contribución financeira concederáse en forma de subvención.



A máxima contribución financeira que poderá adxudicarse a un proxecto concreto situarase entre **10 000 e 60 000 EUR**, salvo no caso de longametraxes de animación destinados á súa estrea en salas, que poderán recibir unha subvención máxima de 80 000 EUR. A contribución financeira adxudicada non poderá superar en ningún caso o 50 % do total dos custos subvencionables (o 60 % para os proxectos individuais que demostren un interese pola promoción da diversidade cultural europea).

A máxima contribución financeira que poderá adxudicarse a paquetes de proxectos e paquetes de proxectos 2nd stage situarase entre **70 000 e 190 000 EUR**. A contribución financeira adxudicada non poderá superar en ningún caso o 50 % do total dos gastos subvencionables presentados pola produtora.

A Axencia se reserva a posibilidade de absterse de asignar a totalidade dos fondos dispoñibles.

- **Prazo:** A convocatoria de propostas 21/11 conta con **dous prazos límite**.

Para ser incluída no primeiro prazo, a solicitude de apoio debe ser enviada á Axencia entre a data de publicación da convocatoria de propostas e o **25 de novembro de 2011**.

Para ser incluída dentro do segundo prazo, a solicitude de apoio debe ser enviada á Axencia entre o 26 de novembro de 2011 e o **13 de abril de 2012**, data de peche da convocatoria de propostas.

- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Dirección para el envío postal o por servicio de mensajería

Agencia Ejecutiva en el Ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA) —
MEDIA

Constantin DASKALAKIS

BOUR 3/30

Avenue du Bourget/Bourgetlaan 1

1140 Bruxelles/Brussel

BELGIQUE/BELGIË

Non se aceptarán as solicitudes presentadas por fax ou correo electrónico

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por e-mail a EACEA-P8-EXPERTS@ec.europa.eu



- **Punto de información nacional** : www.mediaeusk.eu
- **Documento oficial de publicación**: [DO C 279/07](#) de 23.09.2011
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria**: [Media 2007](#)

Convocatoria de propostas — EACEA/22/11 Apoio ao desenvolvemento de obras interactivas sobre plataformas en liña ou fóra de liña (2011/C 279/08)

- **Descrición**: O presente anuncio de convocatoria de propostas baséase na Decisión nº 1718/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de novembro de 2006, relativa á aplicación dun programa de apoio ao sector audiovisual europeo (MEDIA 2007).
- **Obxectivos**: Un dos obxectivos do programa consiste en **promover, mediante a adxudicación de axuda financeira, o desenvolvemento de proxectos de produción destinados ao mercado europeo e internacional** e presentados por produtoras europeas independentes.
- **Solicitantes**: A presente convocatoria de propostas está dirixida ás sociedades europeas cuxas actividades contribúan á realización dos citados obxectivos, en particular produtoras independentes.

Os candidatos deberán estar establecidos nun dos países seguintes:

- os 27 países da Unión Europea,
- os países da EEE, así como Suíza e Croacia.

- **Financiamento**: O orzamento total dispoñible ascende a **2,5 millóns de EUR**. A contribución financeira concederáse en forma de subvención.

A máxima contribución financeira que poderá adxudicarse a un proxecto concreto situarase entre **10 000 e 150 000 EUR**. A contribución financeira adxudicada non poderá superar en ningún caso o 50 % do total dos custos subvencionables presentados polo produtor (o 60 % para os proxectos individuais que demostren un interese na promoción da diversidade cultural europea).

A Axencia se reserva a posibilidade de absterse de asignar a totalidade dos fondos dispoñibles.



- **Prazo:** A convocatoria de propostas 22/11 conta con **dous prazos límite**.

Para ser incluída no primeiro prazo, a solicitude de apoio debe ser enviada á Axencia entre a data de publicación da convocatoria de propostas e o **25 de novembro de 2011**.

Para ser incluída dentro do segundo prazo, a solicitude de apoio debe ser enviada á Axencia entre o 26 de novembro de 2011 e o **13 de abril de 2012**, data de peche da convocatoria de propostas.

- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Dirección para el envío postal o por servicio de mensajería

Agencia Ejecutiva en el Ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA) — MEDIA
Constantin DASKALAKIS
BOUR 3/30
Avenue du Bourget/Bourgetlaan 1
1140 Bruxelles/Brussel
BELGIQUE/BELGIË

Non se aceptarán as solicitudes presentadas por fax ou correo electrónico

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por e-mail a EACEA-P8-EXPERTS@ec.europa.eu
- **Punto de información nacional :** www.mediaeusk.eu
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 279/08](#) de 23.09.2011
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Media 2007](#)

MEDIA 2007 — DESENVOLVEMENTO, DISTRIBUCIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN Convocatoria de propostas — EACEA/23/11 Apoio á difusión televisiva de obras audiovisuais europeas

- **Descrición:** O presente anuncio de convocatoria de propostas baséase na Decisión nº 1718/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de



novembro de 2006, relativa á aplicación dun programa de apoio ao sector audiovisual europeo (MEDIA 2007).

- **Obxectivos:** Un dos obxectivos deste programa é **promover a difusión transnacional das obras audiovisuais europeas** producidas por empresas de produción independentes, **alentando a cooperación entre os difusores**, por unha banda, e os **produtores e distribuidores independentes**, por outra banda.
- **Solicitantes:** A presente convocatoria de propostas está dirixida ás sociedades europeas cuxas actividades contribúan á realización dos citados obxectivos, en particular as sociedades europeas de produción audiovisual independentes. Os candidatos deberán estar establecidos nun dos países seguintes:
 - os 27 países da Unión Europea
 - os países do EEE
 - así como Suíza e Croacia
- **Financiamento:** O orzamento total dispoñible ascende a **10,8 millóns de EUR**. A contribución financeira concederáse en forma de subvención.

O importe máximo da subvención concedida será de **500 000 EUR** por obra para os proxectos de ficcións e animacións e de **300 000 EUR** por obra para os proxectos de documentais. A subvención concedida non poderá, en ningún caso, exceder do 12,5 % dos custos admisibles que presente o produtor para unha película de ficción ou de animación, nin do 20 % dos custos admisibles do orzamento de produción no caso de documentais.

- **Prazo:** Hai dous prazos para o envío de solicitudes

16 de decembro de 2011

11 de xuño de 2012

- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Dirección para el envío postal o por servicio de mensajería

Agencia Ejecutiva en el Ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA) — MEDIA

Constantin DASKALAKIS

BOUR 3/30

Avenue du Bourget/Bougetlaan 1

1140 Bruxelles/Brussel

BELGIQUE/BELGIËES



Non se aceptarán as solicitudes presentadas por fax ou correo electrónico

- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por e-mail a EACEA-P8-EXPERTS@ec.europa.eu
- **Punto de información nacional :** www.mediaeusk.eu
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 286/06](#) de 30.09.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Media 2007](#)

CONVOCATORIA DE PROPOSTAS — EACEA/36/11 MEDIA 2007 — Promoción/ Acceso ao mercado

- **Descrición:** A presente convocatoria de propostas baséase na Decisión nº 1718/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de novembro de 2006, relativa á aplicación dun programa de apoio ao sector audiovisual europeo (MEDIA 2007).
- **Obxectivos:** O obxectivo desta convocatoria é **facilitar e impulsar a promoción e a circulación de obras audiovisuais e cinematográficas europeas** no marco de eventos comerciais, de mercados profesionais e de festivais audiovisuais en Europa e no mundo, a condición de que, estes eventos poidan desempeñar un papel importante na promoción de obras europeas e na creación de redes de profesionais. Así mesmo, esta convocatoria ten como obxectivo **impulsar a creación de redes de operadores europeos**, apoiando accións comúns, levadas a cabo no mercado europeo e internacional, por organismos nacionais de promoción, públicos ou privados.
- **Solicitantes:** O presente anuncio está destinado aos organismos europeos establecidos nun dos Estados membros da Unión Europea ou nun dos países do Espazo Económico Europeo que participan no programa MEDIA 2007 (Islandia, Liechtenstein, Noruega), así como Suíza e Croacia.
- **Financiamento:** O orzamento total estimado destinado ao cofinanciamento de proxectos ascende a **2 500 000 EUR** (a reserva da adopción do orzamento do ano 2012). A axuda financeira non pode exceder o 50 % dos custos totais da acción.



A Axencia resérvase a posibilidade de non asignar todos os fondos dispoñibles

- **Prazo:**

— **9 de decembro de 2011** para as actividades que comecen entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2012,

— **1 de xuño de 2012** para as actividades anuais que terán lugar en 2013 e as actividades que comecen entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2013.

- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Enderezo para o envío postal ou por servizo de mensaxería

Axencia Executiva no Ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA)

Unit Programme MEDIA — P8

Call for proposals EACEA/36/11 — Promotion/Access to markets

Mr Constantin DASKALAKIS

BOUR 3/30

Avenue du Bourget/Bourgetlaan 1

1049 Bruxelles/Brussel

BELGIQUE/BELGIË

Non se aceptarán as solicitudes enviadas por fax ou correo electrónico.

- [Texto da convocatoria](#)
- [Punto de información comunitario:](#) Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a ENV-A04@ec.europa.eu
- **Punto de información nacional :** www.mediaeusk.eu
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 313/06](#) do 26.10.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)
- **Programa vinculado á convocatoria:** [Media 2007](#)